

Primaria

5º  
6º

Áreas



EDUCACIÓN  
ARTÍSTICA



CIENCIAS  
NATURAIS




VALORES  
SOCIAIS  
E CÍVICOS

Ti contas para cambiar o mundo

---

## Obxectivos, oportunidades, ideas e conceptos

1. Identificar comportamentos que inflúen no medio ambiente.
2. Fomentar a reflexión persoal sobre os nosos hábitos relativos á reciclaxe.
3. Promover actitudes orientadas ao consumo responsable, a redución de residuos e a súa reciclaxe.
4. Coñecer o proceso de reciclaxe dos envases.



Ti contas para cambiar o mundo

---

## ● Esta actividade é para...

Coñecer cales son as formas de intervención humana na natureza e as súas consecuencias, que problemas ambientais xéranse coa produción de residuos e como podemos palialos mediante o consumo responsable e a reciclaxe.

## ● Que necesitamos?

Un computador, proxector e pantalla ou lousa dixital.

## ● Que imos facer?

Ver o curto “**a Península Ivérdica**” que fai un chamamento ao coidado do planeta. Despois reflexionaremos sobre os nosos hábitos de consumo e sobre a nosa responsabilidade de mellorar a nosa contorna.



### Seguimos?

Anotaremos nun mural propostas de acción para reducir, reutilizar e reciclar. Colgarémolo nunha zona común do centro e pediremos aos demais alumnos que voten a mellor idea. A gañadora terá que poñerse en práctica na aula.

Ti contas para cambiar o mundo

---

## ● Esta actividade é para...


Coñecer os diferentes tipos de residuos, aprender como facer unha correcta separación dos envases para a súa reciclaxe e coñecer boas prácticas ao longo de todo o ciclo da reciclaxe.

## ● Que necesitamos?

Unha pantalla e proxector. Folios, cartolinas e pinturas. Envases.

## ● Que imos facer?

Ver o documental “**a segunda oportunidade**”. Comentaremos esta iniciativa, faremos unha listaxe de boas prácticas sobre reciclaxe e reflexionaremos sobre o impacto positivo da reciclaxe na vida de moitas persoas.



### Seguimos?

Dividirémonos en grupos de 4 persoas e cada un realizará unha creación artística con volume (tipo maqueta, escultura, collage tridimensional...) que plasme ideas sobre como separar para reciclar e que convide a outros a facelo.